

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Eva Solla Fernández** e os deputados **Xabier Ron Fernández, Juan Manuel Fajardo Recouso Xosé Manuel Beiras Torrado, Antón Sánchez García e Ramón Vázquez Díaz**, membros do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta en Pleno**, sobre as afiliacións á Seguridade Social.

Os datos de xaneiro do 2016 sobre afiliacións á Seguridade Social acentúan a mala situación relativa da pretendida recuperación da economía galega. Galicia perde nun mes 15.241 afiliacións á Seguridade Social, o 1,61% (na media estatal a perda é do 1,18%). Se observamos a comparativa interanual tamén presentamos un rexistro peor: no noso país as afiliacións á Seguridade Social creceron un 1,9% claramente por baixo do 3,2% estatal, o que deixa a Galicia como a terceira comunidade con peor crecemento das afiliacións á Seguridade Social, só por diante de Asturias e Cantabria. Galicia presenta cos datos de xaneiro e respecto ao mes anterior as maiores perdas porcentuais agás Cantabria e a Comunidade Valenciana.

As 930.882 persoas afiliadas á Seguridade Social son menos das que había en outubro do 2012, cando se celebraron as últimas eleccións galegas, entón había 936.405 persoas afiliadas. En abril do 2009, cando chega Núñez Feijóo á presidencia da Xunta había 1.026.025 afiliacións. Case sete anos despois, temos case cen mil persoas menos afiliadas á Seguridade Social. Xeito curioso de recuperar a economía da maioría social traballadora deste país.

Datos que hai que combinar coa rebaixa salarial observada nos decís baixos e medios de salarios; que hai que pór en relación coa expansión da contratación precaria (en xaneiro só o 8,8% dos contratos asinados no noso país foron indefinidos), ou coa perda de poder adquisitivo dos salarios respecto ao crecemento do IPC e a serie de recortes e repagos impostos en educación, sanidade e dependencia; esa combinación permite realizar unha análise crítica das radicais insuficiencias da chamada recuperación económica.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Contempla a Xunta rectificar unha política económica que non consegue xerar emprego estable e de calidade, mesmo que non consegue apenas xerar outro emprego que pouco e precario?

En Compostela, a 8 de febreiro do 2016.

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 08/02/2016 14:16:33

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 08/02/2016 14:16:39

Jose Javier Ron Fernandez na data 08/02/2016 14:16:44

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 08/02/2016 14:16:48

Anton Sánchez García na data 08/02/2016 14:16:50

Ramón Vázquez Díaz na data 08/02/2016 14:16:52